

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación co impacto no Sistema universitario galego do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, que establece o ordenamento das ensinanzas universitarias oficiais  
BOPG nº 434, do 23.03.2015

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 36856.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2015  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Vicepresidente 1º

### **3. Administración do Parlamento de Galicia**

#### **3.2. Recursos humanos**

**ACORDO do 4 de maio de 2015, da Mesa do Parlamento de Galicia, polo que se resolve o procedemento de provisión por libre designación do posto de director/a de Recursos Humanos e Réxime Interior (código AP63) da Administración do Parlamento de Galicia**

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 4 de maio de 2015, logo de concluído o procedemento para a provisión do posto de director/a de Recursos Humanos e Réxime Interior (convocatoria e bases publicadas no BOPG núm. 439, do 30 de marzo de 2015 e no DOG núm. 60 do mesmo día), acordou nomear para o dito posto a Santiago González Serrano.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, pode-rase interpoñer recurso potestativo de reposición perante a Mesa do Parlamento, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación deste acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, ou directamente recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado desde a mesma data.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2015  
Pilar Rojo Noguera  
Presidenta do Parlamento de Galicia